

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS INSIGNIAS DE HONRA

- 1.- As insignias de honra non se outorgarán en ningún caso “in memoriam”.
- 2.- Salvo os casos exepcionais que considere a Xunta Directiva, as persoas ás que se lles outorgue a insignia de honra deberán ser membros da Asociación Provincial de Coros e Danzas EIDOS.
- 3.- No caso de que nunha persoa recaian méritos para a concesión de máis dunha insignia na mesma entrega, a Xunta Directiva seguirá os seguintes criterios:
 - 3.a.- Se correspondesen dúas insignias da mesma categoría, outorgárase unha insignia englobando todos os méritos.
 - 3.b.- Se correspondesen dúas insignias de categorías diferentes, outorgárase a de categoría máis alta.
- 4.- Non se outorgarán dúas insignias da mesma categoría a unha mesma persoa aínda que posteriormente á entrega da primeira delas se faga merecente doutra. Tampouco se outorgará unha insignia de inferior categoría á xa concedida, aínda que se reúnan os méritos para ela con posterioridade á concesión da primeira. Si se poderá conceder unha insignia de superior categoría a outra concedida anteriormente, sempre que se reúnan os requisitos precisos para a dita concesión.
- 5.- Poderán acceder ás insignias de honra aquelas persoas que, sen seren membros da Asociación Provincial de Coros e Danzas EIDOS, reúnan a xuízo da Xunta Directiva algún dos seguintes méritos:
 - 5.a.- Apoio claro á Asociación ou a calquera das súas actividades.
 - 5.b.- Favorecer de maneira evidente as actividades da Asociación.
 - 5.c.- Actuación continuada en beneficio da Asociación e as súas actividades.
 - 5.d.- Actuación continuada en beneficio das actividades culturais similares ás levadas a cabo pola Asociación e que, a xuízo da Xunta Directiva, sexan merecentes da distinción en calquera das súas categorías.

6.- Criterios para a concesión das insignias de prata:

- 6.a.-** Membros do grupo de baile, tanto do corpo de baile como do grupo instrumental, cunha antigüidade mínima de 15 anos de permanencia continuada e ininterrompida e que sigan formando parte del no momento da concesión e entrega da mesma
- 6.b.-** Persoas que oficialmente tiveron ao seu cargo a dirección do grupo de baile e que consten nos arquivos da Asociación.
- 6.c.-** Persoas que tiveron ao seu cargo a dirección do Festival Internacional de Folclore "Cidade da Coruña".
- 6.d.-** Persoas que a criterio da Xunta Directiva reúnan condicións excepcionais para o seu outorgamento, mesmo sen seren membros da Asociación, pola súa actividade en beneficio da mesma.

7.- Criterios para a concesión da insignia de ouro:

- 7.a.-** As persoas que desempeñasen nalgún momento a Presidencia da Asociación Provincial de Coros e Danzas EIDOS.
- 7.b.-** As persoas cunha permanencia continuada e ininterrompida no grupo de 25 anos e que sigan formando parte del no momento da concesión e entrega da insignia.
- 7.c.-** As persoas que, a xuízo da Xunta Directiva, reúnan as condicións excepcionais que as fagan merecentes da distinción.